DAFO zona de actuación concello de Cerdedo-Cotobade (Pontevedra)

Índice

Índice 2
1. Introdución. 3
2. Caracterización biofísica. 4
2.1. Localización e límites xeográficos. 4
2.2. Características naturais do territorio. 5
3. Caracterización socioeconómica. 7
3.1 Poboación. 7
3.2. Actividade económica. 9
3.3. Análise sector primario. 10
4. Incidencia de afeccións, lexislación e outros condicionantes. 12
4.1. Determinacións establecidas nos instrumentos de ordenación do territorio. Clasificación do chan. 12
4.2. Afeccións sectoriais. 14
5. Actividade incendiaria. 19
6. Selección de áreas piloto. 20
6.1. Núcleos rurais e población da zona piloto. 20
7. ANÁLISE DAFO. 21
7.1. Debilidades. 21
7.2. Fortalezas. 22
7.3. Ameazas. 22
7.4. Oportunidades. 22
8. Conclusións. 23
9. Referencias. 24

1. Introdución.

Dentro das diversas tarefas que se contemplan na actividade 2 do proxecto FORVALUE, inclúese a elaboración dun estudo DAFO relacionado coa zona piloto de aplicación do proxecto.

Perséguese capitalizar así os resultados obtidos na actividade 1 e sentar as bases e primeiras etapas para a implantación de novos modelos de xestión e de aproveitamento na área de Cooperación a través de cinco zonas piloto (nun dos concellos exponse dúas zonas) de actuación en espazos agroforestais.

Este documento recolle a información relevante para a detección de aspectos principalmente socioeconómicos e biofísicos, que son necesarios á hora de poder avanzar cara á selección **do modelo de xestión ou aproveitamento forestal, agrícola e/ou gandeiro**, dentro das directrices enmarcadas no proxecto FORVALUE.

Desta maneira, a análise DAFO centrarase principalmente na caracterización biofísica a nivel municipal, a incidencia de incendios a nivel parroquial, a caracterización socioeconómica e a revisión de condicionantes, tanto legais como doutra índole, que se consideran relevantes á hora de seleccionar a proposta para unha área de actuación.

2. Caracterización biofísica.

2.1. Localización e límites xeográficos.

O municipio de Cerdedo – Cotobade foi creado en 2016 a partir da fusión de Cerdedo e Cotobade. Sitúase no interior da provincia de Pontevedra, e os seus límites son:

- polo norte cos concellos da Estrada e Forcarei
- ao sur cos concellos de Pontecaldelas e A Lama
- ao leste cos concellos de Forcarei e A Lama
- e ao oeste cos concellos de Campo Lameiro e Pontevedra.

Forma parte das comarcas de Pontevedra, xunto con Pontevedra, Poio, Barro, Campo Lameiro, A Lama e Ponte Caldelas e da comarca de Tabeirós -Terra de Montes, xunto coa Estrada e Forcarei. Unha área de transición entre o litoral de Pontevedra e a comarca do Deza.

Conta cunha superficie de 215,1 km^2 distribuídos en vinte e unha parroquias

superficie de 215,1 km^2	**21 parroquias**



Figura 1: Situación do municipio de Cerdedo - Cotobade

2.2. Características naturais do territorio.

O municipio está bañado polo Rio Lérez e os seus afluentes, que discorre de nordés a suroeste atravesando o municipio. Trátase dun Lugar de Importancia Comunitaria (LIC Río Lérez). O monte máis alto é o de Outeiro do Coto, superando os 1010 metros, que se sitúa na Serra do Cando, onde nacen numerosos ríos como o Almofrei.

As altitudes van de 20 a 1010 metros sobre o nivel do mar. As maiores altitudes alcánzanse onde conflúen os límites de Cerdedo-Cotobado con Forcarei e A Lama.



Figura 2: Curvas de nivel. Datos Centro Nacional de Información Xeográfica

O substrato litolóxico predominante constitúeo unha rocha metamorfizada e encartada, con terreos francoarenosos. Os granitos e os gneis son os predominantes mesturándose con estruturas pizarrosas.

Figura 3: Laxe dás Coutadas. Datos https:// www.cerdedo-cotobade.ga

En canto á capacidade produtiva, esta é maior nas zonas de val, e diminúe a medidá que se incrementa a altitude.



Figura 4: Capacidade produtiva do chan. Elaboración propia a partir do formato dixital de Diaz – Ferros, 1984.

Esta clasificación pódese resumir da seguinte maneira:

B: maioritariamente chans situados sobre pendentes entre 2-10 %. Constitúe unha transición entre ladeiras e depresións.

C e c: inclúense dentro desta clase terreos con pendentes inferiores ao 10 %, pero que presentan algunha limitación moderada en canto a profundidade do chan como presencia de afloramientos. A denominación c faría referencia a superficies que cumpren estes criterios pero abancaladas.

D: chans abancalados e normalmente non transformados, sobre pendentes entre o 20 e o 35 %.

d: terras de influencia antrópica sobre pendentes entre o 20 e o 35 %.

E: esta tipoloxía é a clase máis abundante en Galicia, e está formada por chans en pendentes entre o 20 e 35 % con calquera profundidade. Pertencen a este tipo de chans os de tipo Marsh e Pelosol.

F: chans de bancales construídos en ladeiras entre o 35 e 50 % de pendente.

G: chans con pendentes superiores ao 50% e afloramientos rochosos maior ao 50%. Profundidade baixa, menor de 25cm

3. Caracterización socioeconómica.

Unha vez identificada a área de actuación, existen unha serie de elementos que debemos avaliar antes e durante a selección do modelo, tanto para clasificar a dificultade de implantación como para realizar adecuadamente a selección do modelo e dos seus compoñentes.

3.1 Poboación.

Como sucede na maioría dos municipios do rural de Galicia, Cerdedo-Cotobade sufriu un descenso poboacional nas últimas décadas situándose en 5.697 habitantes no ano 2020 (IGE, 2021), cunha idade media de 53 anos.

2.576 habitantes no ano 2020 (IGE,2021)	**Idade media de 53 anos**



Figura 5: Evolución da poboación. Datos IGE

A poboación está distribuída homoxeneamente entre homes e mulleres en todos os grupos de idade. Conta cunha pirámide invertida, acentuada nas últimas décadas; o saldo vexetativo en 2018 foi de -71, con 26 nacementos, con máis inmigracións que emigracións (especialmente desde o estranxeiro).



Figura 6: Pirámide de poboación por grandes grupos de idade. Datos IGE

3.2. Actividade económica.

Para realizar un estudo da actividade económica, débese analizar principalmente o tecido empresarial, tanto a súa condición xurídica como a súa actividade empresarial.

En Cerdedo-Cotobade, a condición xurídica das empresas locais distribúese da seguinte maneira:

- maioritariamente de acudas físicas (71%)
- seguida de sociedades de responsabilidade limitada (22%)

Por actividade empresarial, un 57% das empresas pertence ao sector servizos, seguido da construción (21%) e agricultura e pesca (16%), e industria (6%).

O sector servizos é o que conta con máis afiliacións en alta laboral, seguido da industria.

CADRO RESUMEN ACTIVIDADE EMPRESARIAL	
Sector servizos	57 %
Construción	21 %
Agricultura/pesca	16 %
Industria	6 %



Figura 7: Afiliacións por sectores. Datos IGE

3.3. Análise sector primario.

O municipio de Cercedo-Cotobade conta con 91.025 parcelas rústicas, cunha superficie media de 0,22 ha por parcela, distribuídas entre uns 11.531 titulares catastrais (7,9 parcelas por titular de media).

11.531 titulares catastrais	**91.025 parcelas rústicas**
	Superficie media de 0,22 ha por parcela

Se eliminamos a superficie ocupada polos Montes Veciñais en Man Común (unhas 12780 ha segundo o Plan Básico Autonómico) entón a media por parcela sitúase en 0,06 ha por parcela.

O 52 % da superficie ocúpase con matogueira nas súas distintas asociacións, sendo o máis abundante matogueira con pasto e rocha (28%) situado nas zonas de cota máis elevada. Seguido do eucalipto con piñeiro (19%) e eucalipto con piñeiro e caducifolias (18,8%). En canto aos cultivos, o prado, cultivos anuais e viñedo é o que conta con maior superficie.

% Superficie ocupada por masas forestais (Puras e mixtas)	
Eucalipto, piñeiro e caducifolias	18,75 %
Matogueira e especies madeireiras	12,93 %
Eucalipto e Piñeiro	9 %
Matogueira e caducifolias	2,65 %
Eucalipto	1,5 %
Caducifolias	1,19 %
Piñeiro	0,10 %

Segundo os datos que se obteñen dos últimos censos agrarios, pasou de 2132 explotacións en 1999 a 359 en 2009 coa seguinte tipoloxía:

- 18 sen terras
- 265 con menos de 5 ha
- 35 entre 5-10 ha
- 41 con máis de 10

En 2020 o número de explotacións de gando bovino era de 177 cun total de 1993 cabezas.

Distribución dos usos do chan no ano 2005	Porcentaxe
Caducifolias	1,19
Cultivos anuais en maioría e viñedo	2,86
Cultivos forraxeiros e caducifolias, vacún de leite e carne	0,45
Cultivos forraxeiros en maioría e outros cultivos, vacún de leite	3,09
Eucalipto	1,50
Eucalipto e piñeiro	9,00
Eucalipto, piñeiro e caducifolias	18,75
Matogueira	5,09
Matogueira e caducifolias	2,65
Matogueira e especies madeireiras	12,93
Matogueira - pasto	2,96
Matogueira – pasto con roca	28,35
Núcleos de poboación	0,09
Piñeiro	0,10
Prados en maioría, e cultivos anuais	8,61
Prados en maioría, cultivos anuais e caducifolias	0,31
Prados en maioría, cultivos anuais e especies madeireiras	0,21
Prados en maioría, cultivos anuais e viñedo	1,84
Zonas Industriais, Comerciais e de servizos	0,02

Táboa 1: Usos e coberturas do chan en Galicia a escala 1:25.000 – SITGA 2005

No ámbito forestal, destacar a presenza de masas mixtas de eucalipto, piñeiro e especies caducifolias e masas mixtas de eucalipto e piñeiro. No ámbito agrícola e gandeiro, destacar o peso que representa a superficie dedicada a pasto, con respecto a outros tipos de aproveitamentos.



Figura 8: Evolución superficie das explotacións. Datos IGE

Máis do 80% das terras mantense na última década como superficie forestal (forestal arborizado, pasto arbustivo e matogueira) segundo o IGE.

4. Incidencia de afeccións, lexislación e outros condicionantes.

4.1. Determinacións establecidas nos instrumentos de ordenación do territorio. Clasificación do chan.

A área do antigo Cotobade conta con Normas Subsidiarias de Plan, aprobadas no ano 1997, cunha modificación posterior. A área do antigo Cerdedo conta con plan xeral de ordenación municipal aprobado en 2014, a clasificación de este é a que segue:

	Clasificación do chan	Porcentaxe
SNRCO	Chan de núcleo rural Común	0,17
SNRT	Chan de núcleo rural Tradicional	1,73
SRPAG	Chan rústico de protección agropecuaria	9,02
SRPAU	Chan rústico de protección de augas	10,53
SRPEN	Chan rústico de protección de espazos naturais	19,45
SRPFO	Chan rústico de protección forestal	52,12
SRPIN	Chan rústico de protección de infraestruturas	4,46
SRPO	Chan rústico de protección ordinaria	0,02
SRPPC	Chan rústico especialmente protexido para zonas con interese patrimonial, artístico ou histórico	0,28
SRPPX	Chan rústico de protección paisaxística	0,79
SUNC	Chan urbano non consolidado	0,04
SUC	Chan urbano consolidado	0,21
SUZND	Chan industrial	1,18

Táboa 2: Resumen clasificación adoito Cerdedo - SIOTUGA http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga/

Cadro resumo % de chan ocupado segundo o seu uso			
Chan rústico de protección.	**Chan nucleó rural**	**Chan urbano**	**Chan industrial**
96,67 %	1,9%	0,25 %	1,18 %



Figura 9: Ordenación Municipal. Datos SIOTUGA

4.2. Afeccións sectoriais.

Os datos recolleitos nesta apartado teñen como fonte fundamental o Plan Básico Autonómico.

No municipio de Cerdedo - Cotobade leváronse a cabo 8 procesos de concentración parcelaria desde os anos 60.

Existen dúas concesións de explotación mineira (árido e estaño-wolframio-tántalo-niobio-litio) situadas ao nordés do municipio.

A continuación móstrase a relación de MVMC e un cadro resumen do tipo de xestión e por rangos de superficie.

MVMC concello de Cerdedo-Cotobade.		
Tipo de xestión	Publica	Privada
	33	22
Superficie	Maior 500ha	Menor 500ha
	12	43

NOME DO MONTE	Xestión	Superficie (ha)
Abelaindo	Pública e privada	94
Almofrei	Pública e privada	213.53
Arén	Pública e privada	24
Arén e Cernados	Privada	30
Augasantas	Pública e privada	720.09
Barro	Pública e privada	35
Borela	Pública e privada	691.19
Bugarín	Privada	113
Cabadosa	Pública e privada	109
Cabenca	Privada	30
Cachofes	Privada	13
Calvelo e río tenorio	Pública e privada	97
Carballás	Privada	69
Carballedo	Pública e privada	641
Caroi	Pública e privada	936
Casal	Pública e privada	44
Castro do Cabo	Privada	55
Castro do Medio	Privada	116
Cerdedo	Privada	626
Cerdedo – Cernados	Pública e privada	85
Cernados	Privada	35
Corredoira	Pública e privada	550
Covas	Privada	49

Chamadoira	Pública e privada	139
Deán	Privada	88
Fentáns	Privada	135.49
Figueroa	Privada	85
Filgueira	Privada	131
Framil	Pública e privada	36
Insua	Pública e privada	47
Limeres	Pública e privada	43
Loureiro (Cotobade)	Pública e privada	633
Loureiro (Cerdedo)	Pública e privada	209
Lourido	Privada	22
Melide	Pública e privada	42
Mouteira e Parada	Pública e privada	75
Outeiro e Quinta	Privada	82
Pedre	Privada	103.86
Quireza	Privada	943
Rebordelo	Pública e privada	454
San Bernabé	Pública e privada	93
San Martín	Pública e privada	92
San Xurxo de Sacos	Pública e privada	466.95
Santa María de Sacos 1	Privada	959.72
Santa María de Sacos 2	Privada	63
Serrapio	Pública e privada	57
Tenorio	Pública e privada	650.69

Tomonde	Pública e privada	397
Valongo	Pública e privada	241
Viascón	Privada	681
Vichocuntín	Pública e privada	75
Viduido	Privada	69
Vilanova	Pública e privada	109
Vilar	Pública e privada	100
Vilariño	Pública e privada	86

Táboa 3: Montes Veciñais en Man Común – Plan Básico Autonómico



Figura 10: Distribución MVMC. Datos Plan Básico Autonómico

O Municipio está afectado polo plan sectorial de Parques Eólicos: Parque eólico Serra do Cando, Monte Seixo, Outeiro do Coto; O Coto; Coto Agudo; O Curro. Tamén se ve afectado polo ramal do gasoduto Pontevedra-Ourense, o oleoduto Coruña – Vigo e o plan sectorial Hidroeléctrico de Galicia-Costa.

O municipio conta con varios Bens de Interese Cultural, que se corresponden diversos Gravados rupestres, e petróglifos. En canto ao resto de elementos patrimoniais catalogados, son diversos e atópanse distribuídos tal como mostra a seguinte imaxe.



Figura 11: Distribución de elementos patrimoniais e o seu contorno de protección. Datos Plan Básico Autonómico

Conta con tres Áreas de especial interese paisaxístico: Val do alto Almofrei, San Xusto – Río Lérez e Serra do Cando. Tamén cunha zona de Especial Protección dos Valores Naturais, Serra do Cando, clasificada como Rede Natura 2000 (ES1140014).

O municipio tamén é atravesado por varias redes eléctricas, oleoduto e gasoduto. Conta ademais cunha densa rede fluvial, coas súas correspondentes afeccións e antenas de telecomunicacións.



Figura 12: Distribución zona de policía en canles e liñas eléctricas. Datos Plan Básico Autonómico

5. Actividade incendiaria.

A actividade incendiaria dun municipio vén determinada, esencialmente, polo número de incendios e a superficie queimada.

Na seguinte táboa móstrase un resumo dos incendios declarados na zona de estudo da última década.

Ano	Número incendios declarados	Superficie (ha)
2013	2	2,41
2017	1	23,84

Na seguinte imaxe pódese observar que os anos 2011, 2016, e especialmente 2017 foron os que máis superficie queimada rexistraron. A zona piloto obxecto de estudo elixida viuse afecta polo incendio de 2017, supoñendo un risco grave para a poboación da contorna (Parada de Tenorio).



Figura 13: Distribución da superficie queimada no período 2010-2018. Datos plan básico autonómico

6. Selección de áreas piloto.

Despois de sopesar diferentes propostas, da súa análise sobre o terreo, e tras a avaliación anterior, proponse unha área piloto na parroquia de Tenorio (San Pedro). A continuación inclúense os datos máis relevantes da zona elixida.

6.1. Núcleos rurais e población da zona piloto.

A zona de actuación recolle, segundo a cartografía oficial de Instituto de Estudos de Territorio, e tamén a base topográfica 25.000 do IGN, unha entidade de poboación; Parada de Tenorio.

7. ANÁLISE DAFO.

O nome adquíreo dos seus iniciais D: Debilidades, A: Ameazas, F: Fortalezas, O: Oportunidades.

As debilidades e as fortalezas pertencen ao ámbito interno do municipio de Cerdedo - Cotobade, mentres que as ameazas e oportunidades pertencen sempre á contorna externa.

7.1. Debilidades.

A continuación inclúense e enumeran unha serie de debilidades detectadas na zona obxecto de estudo.

1. Fragmentación da propiedade e absentismo. Conta con 11.531 titulares catastrais fronte a 5 .699 habitantes.

11.531 titulares catastrais	**91.025 parcelas rústicas**
	Superficie media de 0,22 ha por parcela

2. A superficie media por parcela (excluíndo os MVMC) é relativamente baixa, situándose en 0,06ha.
3. O peso do sector primario na actividade económica do municipio é relativamente baixo.

CADRO RESUMEN ACTIVIDADE EMPRESARIAL	
Sector servizos	57 %
Construción	21 %
Agricultura/pesca	16 %
Industria	6 %

4. A capacidade produtiva dos chans (aptitud agrícola) é baixa en boa parte do municipio.

7.2. Fortalezas.

A continuación inclúense e enumeran unha serie de fortalezas detectadas na zona obxecto de estudo.

1. Máis do 50% da superficie municipal é MVMC, o que favorecería a xestión conxunta en caso de implantación de modelos FORVALUE.
2. Conta con lugares de interese paisaxístico e Rede Natura 2000.
3. Boas comunicacións con Pontevedra e Santiago de Compostela.
4. Nas últimas décadas as explotacións do municipio deixaron xestionarse máis de 15000 ha que poderían combinar cos usos actuais (máis orientados á produción forestal intensiva).
5. Conta con certo grao de asociacionismo (Cooperativas).

7.3. Ameazas.

A continuación inclúense e enumeran unha serie de ameazas detectadas na zona obxecto de estudo.

1. Incremento do abandono das actividades agrarias.
2. Non ser prioritario en políticas e procesos de mobilización e posta en produción supramunicipais.
3. Falta de plans de xestión dos terreos dedicados á produción forestal así como terreos improductivos (abandonados ou en proceso de abandono).

7.4. Oportunidades.

A continuación inclúense e enumeran unha serie de oportunidades detectadas na zona obxecto de estudo.

1. Interese social por evitar os incendios.
2. Proximidade relativa a grandes cidades.
3. Programas europeos para o desenvolvemento local.
4. Impulso europeo á gandería e agricultura ecolóxica.
5. Ampla e variada oferta turística (Arte rupestre, patrimonio material e paisaxístico).
6. Maior valorización da vida no Rural tras a pandemia do COVID-19

8. Conclusións.

Despois da análise dos datos DAFO, establécense as seguintes conclusións relevantes que poden favorecer o proxecto:

- Interese social por evitar os incendios.
- Proximidade relativa a grandes cidades e núcleos con gran número de habitantes (Pontevedra – Santiago de Compostela). Boas vías de comunicación.
- Programas europeos para o desenvolvemento local.
- Impulso europeo á gandería e agricultura ecolóxica.
- Maior valorización da vida no Rural tras a pandemia do COVID-19.

9. Referencias.

- Díaz-Ferros Viqueira, F. e Gil Sotres, F. (1984). Capacidade produtiva dos chans de Galicia. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, Universidade de Santiago de Compostela. Versión en formato dixital elaborada por: Corbelle Rico, E., Vila García, D. e Crecente Maseda, R. (2014). Mapa dixital de capacidade produtiva dous sós de Galicia. Laboratorio do Territorio, Universidade de Santiago de Compostela.

Fuentes dixitais:

- Sistema de información de Ordenación do territorio e Urbanismo de Galicia (SIOTUGA) https://siotuga.xunta.gal/siotuga/visor
- Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (PLADIGA): https://mediorural.xunta.gal/é/temas/defensa-monte/pladiga-2021
- Mapa de cultivos e aproveitamentos de España. Sistema de Información Xeográfica e de Datos Agrarios (SIGA): https://sig.mapama.gob.es/siga/
- Plan básico autonómico Galicia (información xeográfica de Galicia): http://mapas.xunta.gal/visores/pba/
- Instituto Galego de Estatística: https://www.ige.eu
- Concello de Cerdedo – Cotobade **https:// www.cerdedo-cotobade.gal**